

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 12266** *Orde PRE/2169/2013, do 18 de novembro, pola que se modifican o anexo I do Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros, e o anexo II do Real decreto 1976/2004, do 1 de outubro, polo que se establecen as normas zoosanitarias aplicables á produción, transformación, distribución e introdución dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.*

Mediante a Directiva 2013/20/UE do Consello, do 13 de maio de 2013, pola que se adaptan determinadas directivas no ámbito da seguridade alimentaria e das políticas veterinaria e fitosanitaria, con motivo da adhesión da República de Croacia modificáronse, para tales efectos, diversas directivas, entre elas a Directiva 97/78/CE do Consello, do 18 de decembro de 1997, pola que se establecen os principios relativos á organización de controis veterinarios dos produtos que se introduzan na Comunidade procedentes de países terceiros, e a Directiva 2002/99/CE do Consello, do 16 de decembro de 2002, pola que se establecen as normas zoosanitarias aplicables á produción, transformación, distribución e introdución dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.

En función do contido das modificacións citadas, cómpre incorporar ao noso ordenamento os números 4 e 6 da parte B do anexo da Directiva 2013/20/UE do Consello, do 13 de maio de 2013, modificativos da Directiva 97/78/CE do Consello, do 18 de decembro de 1997, e da Directiva 2002/99/CE do Consello, do 16 de decembro de 2002, a través das correspondentes modificacións no anexo I do Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros, e no anexo II do Real decreto 1976/2004, do 1 de outubro, polo que se establecen as normas zoosanitarias aplicables á produción, transformación, distribución e introdución dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, mediante os cales se traspuxeron, respectivamente, as ditas directivas.

Esta orde dítase ao abeiro do disposto, respectivamente, na disposición derradeira segunda do Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, que faculta os ministros de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade; de Economía e Competitividade, e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para que, no ámbito das súas respectivas competencias, diten as disposicións necesarias para a actualización dos seus anexos, e no número 2 da disposición derradeira segunda do Real decreto 1976/2004, do 1 de outubro, que faculta os ministros de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para modificar, no ámbito das súas competencias, o contido dos seus anexos para a súa adaptación á normativa comunitaria.

Na elaboración da presente disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros.*

O anexo I do Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros, substitúese polo seguinte:

#### «ANEXO I

##### Territorios

1. O territorio do Reino de Bélxica.
2. O territorio da República de Bulgaria.
3. O territorio da República Checa.
4. O territorio do Reino de Dinamarca, excepto as Illas Feroe e Groenlandia.
5. O territorio da República Federal de Alemaña.
6. O territorio da República de Estonia.
7. O territorio da República Helénica.
8. O territorio do Reino de España, excepto Ceuta e Melilla.
9. O territorio da República Francesa.
10. O territorio da República de Croacia.
11. O territorio de Irlanda.
12. O territorio da República Italiana.
13. O territorio da República de Chipre.
14. O territorio da República de Letonia.
15. O territorio da República de Lituania.
16. O territorio do Gran Ducado de Luxemburgo.
17. O territorio de Hungría.
18. O territorio de Malta.
19. O territorio do Reino dos Países Baixos en Europa.
20. O territorio da República de Austria.
21. O territorio da República de Polonia.
22. O territorio da República Portuguesa.
23. O territorio de Romanía.
24. O territorio da República de Eslovenia.
25. O territorio da República Eslovaca.
26. O territorio da República de Finlandia.
27. O territorio do Reino de Suecia.
28. O territorio do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 1976/2004, do 1 de outubro, polo que se establecen as normas zoosanitarias aplicables á produción, transformación, distribución e introdución dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.*

Modifícase o número 2 do anexo II do Real decreto 1976/2004, do 1 de outubro, polo que se establecen as normas zoosanitarias aplicables á produción, transformación, distribución e introdución dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, como se indica a seguir:

«2. As marcas mencionadas no número 1 poderán tamén realizarse cun único selo, que terá forma ovalada e 6,5 cm de longo por 4,5 cm de largo. Nel deberá aparecer a seguinte información en caracteres perfectamente lexibles:

a) Na parte superior, o nome ou código ISO do Estado membro en letras maiúsculas: AT, BE, DE, DK, ES, FI, FR, GR, HR, IE, IT, LU, NL, PT, SE e UK.

- b) No centro, o número de rexistro sanitario do matadoiro.
- c) Na parte inferior, un dos grupos de iniciais seguintes: CE, EC, EF, EG, EK, EY ou EZ.
- d) Dúas liñas rectas que se crucen no centro do selo, de modo que a información siga sendo claramente visible.

As letras terán un tamaño de 0,8 cm como mínimo, e as cifras, un tamaño de 1 cm como mínimo.

O selo deberá levar, así mesmo, información que permita a identificación do veterinario que inspeccione a carne, de acordo coas instrucións ou normativa que para o efecto dite o órgano competente da comunidade autónoma de que se trate.

O selo deberase aplicar baixo a supervisión directa do veterinario oficial que controle o cumprimento dos requisitos zosanitarios.»

**Disposición derradeira primeira.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpóranse ao dereito español os números 4 e 6 da parte B do anexo da Directiva 2013/20/UE do Consello, do 13 de maio de 2013, pola que se adaptan determinadas directivas no ámbito da seguridade alimentaria e das políticas veterinaria e fitosanitaria, con motivo da adhesión da República de Croacia.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 18 de novembro de 2013.—A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Soraya Sáenz de Santamaría Antón.